

CASO PRÁCTICO A)

1) Producida a vacante por xubilación en dous postos do Corpo Administrativo do Parlamento de Galicia o 31/01/2023 (ámbolos dous do Grupo C, nivel 16, complemento específico de 14.000 € anuais en 14 pagas), formúlase unha reorganización consistente en:

- a amortización de ambos postos (a antigüidade dos xubilados era de 36 anos recoñecidos nos mesmos).

- a creación dun posto do Corpo de Xestión no Servizo de Persoal e Réxime Interior (Grupo B, nivel complemento de destino 22, complemento específico de 18.000€ anuais en 14 pagas).

- a creación dun posto de auxiliar administrativo (Grupo D, nivel complemento de destino 13, complemento específico 12.000€ anuais en 14 pagas).

Cuestións:

1. Elabore a comparativa de custos para o financiamento da reorganización (3 puntos).

Anexo I-retribucións básicas publicadas na Lei Presupostos Xerais do Estado para 2023.

2. Indique as partidas orzamentarias do estado de gastos afectadas por esa reorganización. (2,5 puntos).

3. Se non fose posible afrontar o custo total cos postos amortizados sinale opcións de como se podería atender ao exceso empezando pola máis áxil (1,5 puntos).

2) En tanto se desenvolve o procedemento para nomear o persoal funcionario de carreira Grupo B que cubra o posto indicado no apartado anterior, acódeuse á bolsa de interinos aprobada en 2022, solicitando o primeiro o 10/02/2023 e a aspirante Marta Pérez López, embarazada, quere toma posesión como funcionaria interina o 13/02/2023.

Cuestións:

1. Desde cando pode tomar posesión e con base en que normativa (1 punto).

2. Con data 15/04/2023 a funcionaria causa baixa por enfermidade común. Confeccione a nómina correspondente ao mes de abril indicando como se calcularía a base de cotización coas cotas de cotización de empresa e empregado (4 puntos).

Tipo IRPF a aplicar: 10%

Anexo I-retribucións básicas publicadas na Lei Presupostos Xerais do Estado para 2023.

Anexo II-Acordo de Mesa para o complemento de retribucións por IT.

Anexo III-cadro e tipos de cotización de 2023.

3) Xa reincorporada, con data de 01/10/2023 Marta obtén a acta de deputada do Parlamento, o órgano competente toma razón e a proclama ese mesmo día, e ela presenta declaración de actividades solicitando o pase a dedicación exclusiva desde esa data.

Cuestións:

1. Indique a súa situación administrativa como funcionaria (0,5 puntos).
2. Que conceptos e importes liquidánselle na mensuralidade de outubro 2023 se vive en Santiago de Compostela (1,5 puntos).

Anexo IV-detalle dos conceptos económicos acordados para os membros da Cámara.

4) Marta xestiona o contrato mixto de telefonía, sendo a oferta do primeiro clasificado polo importe de:

- A subministración: 200.000 € (importe sin IVE).
- Servizo anual: 200.000 € (importe sin IVE).

O tipo de licitación foi o seguinte:

- A subministración: 250.000 € (importe sin IVE).
- Servizo anual: 250.000 € (importe sin IVE).

A duración do contrato é de 3 anos prorrogable por un máximo de 2 anos.

A empresa incorreu en baixa temeraria cuxa xustificación foi aceptada pola Mesa de Contratación.

Cuestións:

1. Calcule o valor estimado do contrato (1 punto).
2. Calcule o importe de garantía a prestar (1 punto).

5) Xa en marcha o contrato de telefonía , a empresa pregúntalle a Marta que documentación precisa para recibir o pago das prestacións. Concretar. (1 punto).

6) Concrete as fases de execución orzamentaria polas que pasa o contrato e con que momento do procedemento de contratación se corresponden (2 puntos).

7) Terminado o contrato, a empresa solicita a devolución da garantía. Sinala os requisitos para a súa devolución (1 punto).

CASO PRÁCTICO B)

D^a Evangelina, logo de superar un proceso selectivo convocado pola Xunta de Galicia, toma posesión como auxiliar administrativo o 19 de maio de 1999, nun posto de nivel 14.

Debido a unha modificación sobrevida do posto que tiña adxudicado é removida do mesmo e adscrita provisionalmente a un posto de nivel 20 o 15 de maio de 2001.

O 20 de xuño de 2002 toma posesión dun posto de nivel 18, resultado dun concurso ao que se presentou, posto no que permanece ata o 19 de xullo de 2008 ao obter unha praza de administrativo por promoción interna, tomando posesión do posto de administrativo, con nivel 22, o 20 de xullo de 2008.

O 1 de agosto de 2020, toma posesión dun posto do grupo B, de nivel 25, no Parlamento de Galicia, ao aprobar unha oposición pola quenda libre.

O 9 de xullo de 2021 toma posesión dun escano no Parlamento de Galicia ao renunciar un deputado.

O 25 de xuño de 2022, o presidente da Xunta de Galicia convoca eleccións disolvendo o Parlamento. O 1 de xullo de 2022, D^a Evangelina reincorpórase ao seu posto do grupo B no Parlamento de Galicia.

Cuestiones:

1. ¿Que grao terá consolidado o 20 de xuño de 2002? (1 punto).
2. Tendo en conta a carreira administrativa de D^a Evangelina, elabore a nómina que lle correspondería en maio de 2023. (C.E. 20.000 €)/ano (3,5 puntos).

Anexo I-retribucións básicas publicadas na Lei Presupostos Xerais do Estado para 2023.

Anexo II-Acordo de Mesa para o complemento de retribucións por IT

Anexo III-cadro e tipos de cotización de 2023.

Aplique un tipo de IRPF do 10%

3. ¿En que situación administrativa se encontra, na actualidade, na Xunta de Galicia? ¿Desde que data? (0,50 puntos).
4. O 3 de maio de 2021, o seu sogro é intervido cirurxicamente no Hospital da Coruña aínda que ten a súa residencia en Santiago de Compostela. ¿Ten dereito a algún permiso? De ser así, ¿cantos días correspóndenlle e porqué? (0,5 puntos).
5. ¿En que situación administrativa está D^a Evangelina a partir do 9 de xullo de 2021? Mentres permaneza nesta situación, ¿qué dereitos económicos e administrativos lle asisten? (1 punto).

6. ¿Pode prorrogarse a situación administrativa que teña máis aló da disolución do Parlamento? Non seu caso, ¿ata que momento? ¿Cal é o procedemento a seguir? (1 punto).

Reincorporada á administración do Parlamento de Galicia trala disolución, toma posesión nun posto do Servicio de Persoal e Réxime Interior. Lle comunican que o Parlamento necesita contratar a adquisición de 80 equipos de traballo para deputados consistentes en:

- 80 ordenadores portátiles
- 80 ratos
- 80 impresoras
- 80 maletíns

Logo do estudo realizado polo Servicio de Tecnoloxías da Información, os prezos de mercado dos distintos compoñentes poderían ser os seguintes (importes sen IVE):

- 80 ordenadores portátiles1.000,00 €
- 80 ratos20,00 €
- 80 impresoras125,00 €
- 80 maletíns30,00 €

O Servicio de Tecnoloxías propón que o obxecto do contrato consista na adquisición dos compoñentes descritos e no soporte e mantemento dos ordenadores portátiles e as impresoras, cuxo custo prevé en (importes sen IVE):

- Cada ordenador portátil 100,00 €/ano
- Cada impresora 25,00 €/ano.

A duración do soporte e o mantemento se estima en tres anos, con posibilidade de prorrogala por dous anos máis.

O Servicio de Tecnoloxías propón que se prevea nos pregos a posibilidade de incrementar un 20% o número de cada un dos elementos que forman o equipamento para o suposto da incorporación de novos deputados durante a lexislatura, circunstancia que se produciría unicamente en caso de prórroga.

Cuestiones que resolver:

1. ¿É posible a división en lotes? Razoe a resposta. (1 punto).
2. Calcule o valor estimado do contrato e o orzamento base de licitación. (2 puntos).
3. ¿Qué tipo de procedemento de licitación pode ser utilizado? Razoe a resposta. (1 punto).
4. ¿Qué tipo de publicidade debe darse ao anuncio de licitación? (1 punto).

5. Se constata a presentación de seis ofertas. Logo da constitución da Mesa de Contratación e da apertura de sobres, a oferta dunha empresa incorre presuntamente en baixa anormal ou desproporcionada. Describa os trámites que corresponde facer para admitila ou descartala para continuar no procedemento. (1 punto).
6. A Mesa de Contratación acordou atribuír a seguinte puntuación ás ofertas recibidas:

	Crterios sometidos axuízo de valor	Crterios aplicables mediante aplicación de fórmulas	TOTAL
Empresa A	9,85	73,25	83,10
Empresa B	10,56	69,23	79,79
Empresa C	8,23	56,45	64,68
Empresa D	13,50	67,42	80,92
Empresa E	7,89	78,12	86,01

Elabore a clasificación de ofertas e describa os trámites que procede facer antes da adxudicación do contrato. (2 puntos).

7. Describa os trámites que compre facer desde o momento da adxudicación do contrato ata o momento en que o equipamento é entregado Parlamento de Galicia. (2 puntos).
8. Sinala as partidas de imputación orzamentaria das prestacións do contrato. (1,5 puntos).